

Eva María Pérez Gamote, Alcaldesa - Presidenta do concello de Vilardevós, fai saber:

Segundo o BOP N.º 22 de data 3 de febreiro de 2026 abriuse o prazo de presentación de solicitudes para o **acceso ás vivendas municipais**.

Solicitantes: Poderán optar a solicitude as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ser maior de idade ou menor emancipado
2. Ter e acreditar nacionalidade española, ser cidadán dun estado membro da Unión Europea ou, no caso de ser estranxeiro non comunitario, contar con permiso de residencia vixente de todos os membros da unidade familiar, agás os menores de idade.
3. Ser veciño/a do Concello de Vilardevós.
4. Non ser titular, ningún dos membros da unidade familiar do/a solicitante, de vivenda en réxime de propiedade.
5. Que o número de membros da unidade familiar sexa adecuado as características da vivenda.
6. Estar ao corrente no pagamento de todas as obrigas tributarias.
7. Achegar a documentación que requiran os Servizos Sociais.
8. Os ingresos da unidade de convivencia deberán atoparse entre os mínimos e máximos establecidos na ordenanza.

Criterios de selección:

- 1.- Tempo de empadramento do solicitante no concello de Vilardevós.
- 2.- Habitar unha vivenda con deficientes condicións de habitabilidade.
- 3.- Carecer dunha vivenda por atoparse nalgunha das seguintes condicións:
 - a) Aloxamento en establecemento público.
 - b) Aloxamento en cuartos realugados
 - c) Solicitude de vivenda por ter pendente expediente de desafuzamento xudicial.
- 4.- Circunstancias persoais e familiares.
- 5.- Circunstancias económicas.

Documentación a presentar:

- Fotocopia do DNI do solicitante e de cada membro da unidade familiar ou convencional e, de ser o caso, do libro de familia.
- Certificado de empadramento da persoa solicitante e das que convivan con ela.
- Calquera documentación xustificativa das circunstancias dos criterios de selección.
- Certificado catastral de bens de natureza urbana.
- Fotocopia da declaración do IRPF de todos os membros da unidade de convivencia .
 - Xustificante dos ingresos familiares.
 - Información fiscal bancaria de todos os membros.
 - Certificado de non ter débedas co Concello.

Lugar de presentación e prazo: O prazo de presentación das solicitudes comeza o día **3 de febreiro de 2026 e remata o día 3 de marzo de 2026**. As persoas interesadas na solicitude poderán informarse nas dependencias municipais do Concello **PREVIA CITA** ca Traballora Social os días 9, 20, 23 de febreiro e 2 de marzo en horario de 09:00 horas a 14:00 horas ou ben a través da sede electrónica do Concello (trámites destacados).

O que se fai para xeral coñecemento.
Asinada electrónicamente na data á marxe.

